



Co-funded by the
Erasmus+ Programme
of the European Union



LIVING RIVER
CARING AND PROTECTING THE LIFE AND
CULTURE AROUND RIVERS AND STREAMS

Project no. 2018-I-PT01-KA201-047513

NEWSLETTER #6



Participantes do segundo curso de formación de profesorado en Brasov, Romania..

NESTE NÚMERO

1. Presentación do E-book.....2
2. Segundo curso de formación de profesorado.....3
3. Xornada online do alumnado.....4
4. Reunión de socios: Vigo e Romanía.....5-6
5. Eventos Multiplicadores.....7-9
6. “A Xeración Greta” en Galiza.....9-10



Co-funded by the
Erasmus+ Programme
of the European Union



Project no. 2018-I-PT01-KA201-047513





Presentación do E-book

Dentro do proxecto LivingRiver , creouse un ebook, no que participaron todos os socios e socias. Contas de 5 capítulos teóricos e dous capítulos engadidos; un sobre as boas practicas nos ecosistemas fluviais e outro sobre actividades ao redor dos ríos.

Os capítulos teóricos trataron os seguintes temas: “Regatos, auga por e para a vida”, “Auga en bo estado o bo estado do solo”, “Onde o meu río se curva”, “Impacto das accións humanas en ríos e regatos” e “O papel da educación ambiental na conservación dos ecosistemas fluviais”

Este e-book contén infografías, vídeos e animacións para ilustrar e axudar a entender algúns conceptos.

Podedes atopar o e-book na páxina web do proxecto.





Co-funded by the
Erasmus+ Programme
of the European Union



Project no. 2018-I-PT01-KA201-047513

Segundo curso de formación de profesorado

O segundo curso de formación foi durante o 20 e 23 de Outubro en Brasov (Romania). Este evento foi o primeiro no que o profesorado estivo todo xunto despois da pandemia, foi unha actividade importante, onde o obxectivo principal foi compartir experiencias e formar redes. O programa da actividade foi centrado na presentación dos traballos feitos polas escolas, e das ferramentas para traballar na conservación dos ecosistemas fluviais, tanto a nivel ecolóxico como cultural.






Co-funded by the
Erasmus+ Programme
of the European Union



Project no. 2018-I-PT01-KA201-047513


Xornadas Online do Alumnado



O evento de formación de alumnado foi de 4 días, 22-23 de Xuño e 01-02 de Xullo coa participación de 25 estudantes de 3 diferentes países (Turquía, Romanía e Galicia) e 7 educadores de 3 países diferentes. O evento incluíu obradoiros e seminarios para axudar na formación ecolóxica e para o desenvolvemento persoal. No evento o Doutor

Tuncay Saritas e a Doutora Burcu Güngör deron información sobre o proxecto. O Doutor Özgehan Uştuk levou a cabo o obradoiro sobre o problema global da auga chamado “Había unha vez ríos cheos de auga”. No taller, o alumnado puido debater que se podía facer de maneira particular e global para solventar a crise, que se vai converter nun problema global, e compartir a súas ideas entre eles.

O Doutor Caner Börekci levou a cabo o obradoiro “Aprendendo con máquinas”. No obradoiro, as actividades centráronse na intelixencia artificial e aprendizaxe de máquinas para a resolución de problemas medio ambientais. Expertos do instituto Step, Eslovenia, Monika Spital e Jerneja Šibilja deron un seminario sobre Actitude de Crecemento. O seminario centrouse en estratexias que o alumnado pode utilizar no se días a día para ter unha satisfactoria carreira académica.



A Doutora Crisitina Canhoto do Centro de Ecoloxía Funcional da Universidade de Coimbra, Portugal, impartiu un seminario interactivo titulado “Regatos. A vida baixo estres”, a actividade centrouse na importancia dos ecosistemas acuáticos.



Co-funded by the
Erasmus+ Programme
of the European Union



Project no. 2018-I-PT01-KA201-047513

Reunión de socios: Vigo e Brasov

Despois de o ano anterior repleto de reunións online e a inexistencia de contacto cara a cara, a equipa do LivingRiver finalmente foi quen de organizar unha reunión presencial coa asistencia da maioría dos socios e socias. Esta reunión tivo lugar no centro de ensino IES Ribeira do Louro, en Galicia, coa asistencia de 15 persoas: da *Agentia Metropolitana Pentru Dezvoltare Durabila Brasov Asociatia* (Romanía), da *Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza* (Galicia), da *Associação Portuguesa de Educação Ambiental* (Portugal), e tamén do *IES Ribeira do Louro* (Galicia). Os demais socios e socias uníronse a reunión telemáticamente.

Durante eses días, foron presentados os principais resultados do proxecto (Ebook: *Vida nos ríos e zonas de ribeira* e o *Arquivo social*), acordando entre todos o socias e socios algúns aspectos relevantes que estaban pendentes de pechar.

Ademais, os socios e socias estiveron de acordo con levar a cabo as derradeiras actividades e eventos pendentes, que ate o momento estiveran paradas por motivo da emerxencia sanitaria na que nos atopabamos. Ademais, de aspectos relacionados con a parte financeira e de diseminación do Proxecto.

Eses días foron moi positivos para todos os participantes, e moi produtivos para o Proxecto.





Co-funded by the
Erasmus+ Programme
of the European Union



LIVING RIVER
CARING AND PROTECTING THE LIFE AND
CULTURE AROUND RIVERS AND STREAMS

Project no. 2018-I-PT01-KA201-047513

A quinta Reunión Transnacional de socios e socias foi o 20 e 21 de Outubro en Braşov, Romanía, e foi a segunda reunión presencial dende que comezou a pandemia da Covid-19. As socias e socios debateron sobre as actividades que quedaban do proxecto.





Co-funded by the
Erasmus+ Programme
of the European Union



Project no. 2018-I-PT01-KA201-047513

Eventos Multiplicadores

O Evento Multiplicador en Portugal foi realizado entre o 19 e 20 de Xuño no Castelo de Vide e Arronches e foi o primeiro evento presencial despois da pandemia.

Neses dous días de evento o proxecto foi presentado aos participantes, enumerando os seus obxectivos, os resultados e o traballo feito coas escolas, aproveitando así para presentar os produtos do proxecto: a Plataforma de xeoreferencia, metodoloxías de mostraxe, a páxina web, a Revista Virtual e a Revista bianuais.

A súa vez, a público participante tivo a oportunidade de ir ao río para facer unha ruta interpretativa onde tivo a oportunidade de observar e identificar flora e fauna da rexión.

En total participaron no evento 86 persoas de escolas, universidades, ONGs e autoridades locais.






Co-funded by the
Erasmus+ Programme
of the European Union



Project no. 2018-I-PT01-KA201-047513


Living River – Evento Multiplicador da Universidade de Balikesir

O Evento Multiplicador do Proxecto LivingRiver financiado e soportado polo programa Erasmus+, baixo a chave de acción 2, sector de Educación Secundaria (KA201), programa estratéxico de socios, onde a Universidade de Balikesir é socia, foi o 5 de xullo do 2021. (participantes de diferentes institucións traballaron activamente no evento telemático.



No tema do evento multiplicador “Auga e Vida”, o Profesor asociado Dr. M. Tuncay Saritas, e os investigadores do proxecto Dra. Burcu Cabbar Cüngör e o Dr. Dursum Özatli informaron aos participantes acerca das actividades que se están levando a cabo no proxecto. O Dr. M.Tuncay Saritas deu información acerca dos logros intelectuais, das escolas asociadas e do alumnado involucrado no proxecto, e faloron acerca da contribución sobre o desenvolvemento dos ríos e da crecente contribución sobre a cultura ao redor de eles.

Dra. Burcu Cüngör Cabbar aportou información acerca do lugar e a importancia da auga nas nosas vidas, Dr. Dursum Özatli falou acerca do traballo feito co alumnado nas actividades de campo e nos laboratorios para saber a calidade dos ríos. Compartiu os análises da viabilidade dos ríos cos participantes a evento.





Co-funded by the
Erasmus+ Programme
of the European Union



Project no. 2018-I-PT01-KA201-047513

O **Evento Multiplicador** foi realizado o 26 de Novembro do 2021. Foron presentados moitas actividades aos participantes pero sobre todo foron amosados os



resultados do proxecto: a web, a revista dixital, as revistas bianuais e as metodoloxías utilizadas en todas a escolas para traballar no proxecto.

”Xeración Greta” en Galicia

Eles falan de contaminación, ecosistemas, reciclaxe e preparan compost cos restos das súas merendas- O IES Ribeira do Louro leva traballando co medio ambiente dende fai anos.

A xuventude ven dando a voz de alarma sobre o cambio climático no planeta, amosando a necesidade de coidar o medio ambiente, de establecer hábitos sustentables para parar o deterioro do medio ambiente e evitar maiores desastres. Outra vez, coincidindo co Cumio do Clima en Glasgow, as peticións das novas xeracións acaparando portadas de vídeos e redes sociais, a cara visible foi Greta Thunberg, quen converteuse nunha icona desta loita solicitando políticas reais e globais para o coidado do planeta.

Máis ala do ruído mediático e virtual, hai moitos centros de ensino implicados na educación medioambiental, cunha xeración de xente xove concienciada sobre o futuro do planeta; xuventude que recicla, que inculca novas practicas nos seus fogares. Neste caso en Galicia, a escola de Ribeira do Louro (O Porriño); os cales levan traballando en educación ambiental durante anos. Teñen diferentes materias que tratan estes temas, como o clima. “Son asignaturas optativas que se elixen no primeiro ano de secundaria, onde se estuda a contaminación da atmosfera, da auga e da terra; os impactos ambientais da sobreexplotación de recursos. Tamén falan de solucións e o alumnado prepara traballos e proxectos de investigación que se presentan a un proceso de selección para o congreso e campus internacional CLMNTK que todos os anos celebrase na cidade portuguesa de Aveiro.” cóntanos a profesora Marta Freijedo. Tamén se ensina Ciencias



Co-funded by the
Erasmus+ Programme
of the European Union



Project no. 2018-I-PT01-KA201-047513

da Terra e Ciencias medioambientais en segundo de Bacharelato. Este ano a asignatura de Paisaxe e Sustentabilidade foi impartida para 2 da ESO polo departamento de Xeoloxía e Bioloxía da escola. En poucos días, como Freijedo contanos, vamos a comezar a compostar a materia orgánica que sobre das merendas “O obxectivo é reducir o lixo. Por unha banda separamos os embalaxes, os plásticos, os bricks... e por outro, utilizamos os restos de materia orgánica para producir compost, o cal se utilizará como fertilizante para o xardín” di a profesora.

Dende fai moito tempo, no instituto están a valorar a necesidade de eliminar plásticos, levar a merenda no teu propio recipiente en vez de que veñan envoltas en papel de aluminio, usar cantimploras en vez e botellas de plástico de un só uso. Todas eles son hábitos que hai poñer en práctica, máis ala dos temarios.

“En el ámbito escolar é importante ver que estas accións poden levarse a niveis políticos baixo o lema “emerxencia climática”. Por isto , a educación ambiental no ambiente escolar, onde toda a comunidade escolar participe, é esencial.”

Este centro participou en diferentes proxectos relacionados co medio ambiente, como o *EcoYouth* , que esta relacionado coas ferramentas educacionais para implementar e coordinar acción para facilitar a transición ecolóxica, e o proxecto *Erasmus+ Careforest*, acerca co coidado dos nosos bosques.